O Concello de Cangas a través do Consello Municipal de Igualdade informamos que dentro do marco das accións en relación ao 25 de novembro, Día Internacional contra as violencias cara as Mulleres, vanse desenvolver as seguintes actividades:

Domingo 22

10:30 **Ruta Historia das Mulleres de Cangas**. Asociación A Illa dos ratos (inscrición previa no whatsapp 611080853)

Mércores 25N

11:00 Campaña **"Contra as Violencias Machistas. Apúntate ao bo trato"** Propostas Centros Educativos de Cangas: Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos Varela
"Eu tamén quero vivir sen medo" Ceip da Espiñeira Aldán
"Que non apaguen a túa luz" Ceip do Hío
"Sementando o bo trato" Ceipp San Roque de Darbo
"Rap polo respecto" Colexio Plurilingüe Casa de la Virgen
"Dálle a volta ao bo trato" Colexio Compañía de María
"Netas de bruxas 2.0" Colexio Plurilingüe Eduardo Pondal
"O machismo fala no Instituto" Ies Montecarrasco
"Desmontando os mitos do amor romántico" Ies Rodeira

11:30 Representación **"O regreso de Lúa"** A Xanela do Maxín. Dirixido a infantil e primeiro ciclo primaria. Sala de Exposicións Auditorio Municipal

Lúa logrou o imposible: foi a primeira gata en pisar Marte. Unha viaxe extraordinaria que a levou moito máis lonxe do que nunca imaxinara. Pero toda gran misión ten un prezo, e **o camiño de volta non sempre é o que se espera**. En **O Regreso de Lúa**, a nosa protagonista emprende o regreso á Terra despois de cumprir o seu cometido. Cando parece que todo está baixo control, o destino ten preparados **novos desafíos** que nin a propia Lúa podería imaxinar. **Unha historia de igualdade, superación, amizade** e respecto.

Actividade cofinanciada con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

19:30 Peza escénica **"Subterránea"** de Mónica Sueiro. Praza do Concello.
Peza escénica que recupera e reivindica a memoria de artistas silenciadas que, a través da súa obra, loitaron, resistiron e reclamaron un lugar no mundo da creación. A peza convida a reflexionar sobre a invisibilidade histórica destas autoras e a súa necesidade e ocupar o espazo que lles corresponde na memoria colectiva.

Subterránea foi creada para o programa Mulleres en Acción. Violencia Zero da Deputación de Pontevedra.

Actividade financiada con Fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

20:00 **Manifestación e lectura Manifesto do Consello Municipal de Igualdade**

Lectura: Lara Graña Prieto, licenciada en Periodismo, redactora xefa do Faro de Vigo, especializada en periodismo mercantil, industrial e pesqueiro, recibiu varios recoñecementos e o premio da Asociación de Periodistas de Investigación polos seus artigos sobre o caso Hiperxel. Neste 25N queremos salientar o seu traballo de investigación sobre a desaparición da tripulante Maria Carmen Fernández no oceanográfico García del Cid.

Xoves 26 de novembro

19:30h Acto Institucional de Recoñecemento ás Mulleres Represaliadas de Cangas

Organizado pola Asociación de Memoria Histórica 28 de agosto en colaboración co Concello de Cangas. Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos Varela

Mércores 2 decembro

8:30 Obradoiro **"Conectad@s, Relacionándonos na contorna virtual"** Impartido Aliad Ultreia. Actividade concedida pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero no marco do acordo de colaboración coa FEGAMP. Ies María Soliño

Taller dirixido á mocidade, contemplando un modelo afectivo desde os coidados e o bo trato e tendo en conta os novos xeitos de relación e as novas tecnoloxías. A

bordarase a prevención tanto na captación de mulleres mozas para ser prostituídas, como na eliminación da demanda e acceso da mocidade á mesma.

Intervención xardín vertical en conmemoración do 25N elaborada nos talleres da Asociación Juan XXIII . Xardíns do Sinal (pendente concretar data)